

# Serinus serinus (Linnaeus, 1758)

	xirín
	serín verdecillo
	txirriskil arrunta
	gafarró
	european serin
	chamariz, milheirinha



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Fringillidae	<i>Serinus</i>



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	12 g
<b>Lonxitude</b>	11,5 cm
<b>Envergadura</b>	20-23 cm

## ALIMENTACIÓN

Sementes de herbas, de forma secundaria insectos e polpa de froitos carnosos.

## COMPORTEMENTO

Ao rematar a época de cría, estes paxaros son moi sociables e conviven con outras aves granívoras en busca de sementes. Fan o seu pequeno niño en ramas de árbores ou arbustos, con herba seca, musgo e telas de araña e tapizado con pelo e plumas.

## REPRODUCCIÓN

Celo dende marzo ata xullo. Dúas ou tres postas, de 2-5 ovos branco-azulados que a femia incuba durante 13 días. O macho alimentará aos polos cando nacen ata que se independizan, mentres a femia comeza a seguinte posta.

## HÁBITAT

Bosques abertos, sobre todo de folla perenne. Sinte predilección por cítricos e olivares.

## DISTRIBUCIÓN

Noroeste de África e toda Europa (salvo grande parte de Escandinavia).

## CURIOSIDADES

O xirín é unha ave moi temperá na cría. Dise que o nacemento das follas das árbores coincide cos monótonos cantos territoriais dos machos, cos que intercalan ás veces algún trino que denota o seu parentesco co canario.

Os xiríns da Península migran en inverno para o norte de África, pero o seu nicho é rápidamente ocupado polos que veñen do norte de Europa pasar o inverno aquí. En certo modo, sempre estamos vendo xiríns, pero non sempre os mesmos.